

Solucións repaso tema 7

A Materia

Ciencias Naturais.

1. Todos os obxectos están formados por **materia**. Cada obxecto está formado por un tipo diferente que se chama **substancia** como, por exemplo, o plástico, o aceiro, o vidro, etc.
2. A masa é a cantidade de materia que ten un obxecto. Pódese medir en quilogramos (kg).
3. O volume é o espazo que ocupa un corpo. Pódese medir en litros (L).
4. Os corpos sólidos teñen volume **fixo** e forma **fixa**.
 - Os líquidos teñen volume **fixo** e forma **variable**.
 - Os gases teñen volume **variable** e forma **variable**.
5. De arriba abaixo e de esquerda a dereita: fusión, solidificación, evaporación, condensación.
6. Sólido: en lugares fríos, coma os polos ou as cimas das montañas.
 - Líquido: nos ríos, lagos, mares e océanos.
 - Gas: no aire.
7. • Viga → Resistencia
 - Corda → Flexibilidade
 - Resorte → Elasticidade
8. Mel → kétchup → auga
9. • Mesturas: aire e auga de mar.
 - Substancias puras: osíxeno e sal.
10. É unha mestura en que é imposible distinguir os seus compoñentes. Por exemplo, a auga con sal ou con azucre.